



SISONS é un proxecto de gran interese para o sector cultural galego e do noroeste da península ibérica, pola calidade das propostas que se van a seleccionar, o obxectivo da súa difusión e a potenciación dos intereses conxuntos da música galega.

Para iso, durante a celebración da feira/festival tratarase de buscar sinerxías con outras entidades para alcanzar outros públicos e reforzar a comunicación desde aspectos turísticos, ambientais, sociais e educativos colaborando con outros axentes e outras sensibilidades coa música e os seus valores.

CONVOCATORIA DE PITCHINGS PARA SISONS ENCLAVE MUSICAL 2024.

BASES DE PARTICIPACIÓN

SiSons Enclave Musical é un espazo de encontro sobre a música. Reúne e relaciona a profesionais e programadores e artistas do sector musical e da cultura.

Mesas de debate, charlas, showcases, concertos e pitchings. Busca difundir a todos os públicos e profesionais, a oferta e posibilidades da música, e facer valer o enorme e crecente potencial creativo, industrial, social e cultural que ten.

SiSons Enclave Musical está organizado por Music Arte Rey Saavedra S.C. a Asociación Cultural Tres por Catro en colaboura coa Xunta de Galicia, a Deputación de A Coruña e o Concello de Santiago de Compostela, e outros colaboradores que o fan posible.

No marco desta cuarta edición de SiSons Enclave Musical, que se celebrará os días 16, 17, 18 e 19 de outubro de 2024 en Santiago de Compostela, lánzase a convocatoria de pitchings para todo tipo de proxectos relacionados co sector musical.



Os proxectos serán seleccionados polo equipo organizador de SiSons Enclave Musical valorándose a orixinalidade, interese para o sector, posibilidades de desenvolvemento, impacto e aportación ao público e profesionais participantes.

A inscrición do proxecto na presente convocatoria, como a participación na sesión de pitchings son gratuítas.

O pitch consistirá nunha exposición de cada proxecto seleccionado, que deberá durar como máximo 6 minutos e participarán nesta presentación tantas persoas do equipo do proxecto de como decidan, con un máximo de 15.

INSCRICIÓN

A inscrición realizarase a través do seguinte formulario activo na páxina web de SiSons Enclave Musical <https://sisons.gal/> Para realizar a inscrición do proxecto será necesario:

Nome *

Apelidos *

Teléfono con prefixos *

Email *

Músico/programador/distribuidor/profesionais do sector/ *

Localidade da sede *

Sector principal de actividade *

Web/link do proxecto/dossier *



Se queres presentar unha proposta ós Pitchings do Sisons 2024, comparte unha breve descripción/dossier a continuación.

Breve descripción

PRAZOS E DATAS

30 de setembro de 2024 ás 23:59 h | Data tope inscrición de proxectos.

2 de outubro de 2024 | Data de resolución e comunicación ós seleccionados.

17 de outubro de 2024 | Presentacións no Museo do Pobo Galego de 13:00 h a 14:00 h.

PROXECTOS SELECCIONADOS

De entre todos os proxectos presentados escolleranse oito, que se presentarán na xornada de pitching.

A comunicación dos proxectos seleccionados farase a través do contacto que se facilitou no formulario de inscrición. A selección tamén se publicará na páxina web de SiSons Enclave Musical.

A inscrición na presente convocatoria implica a aceptación íntegra destas bases, ademais do compromiso de veracidade dos e as participantes sobre as súas respostas nos formularios de inscrición dos seus proxectos.

Contacto

sisonseclavemusical@gmail.com